

# Unha pousada no Porto de Ancares

Colectivo Patrimonio dos Ancares



Porto dos Ancares · Xabier Moure


O Porto de Ancares, a 1.669 metros de altitude, é un paso natural situado entre os concellos de Navia de Suarna (comarca dos Ancares) e o de Val dos Ancares, antes Candín (O Bierzo). Seguramente xa foi utilizado durante a prehistoria, e sen dúbida durante a conquista romana tal como nolo testemuña a proximidade de campamentos, explotacións mineiras ou asentamentos estables. Ata non hai moito, tamén foi paso obrigado para acceder ás brañas, utilizadas polas xentes das aldeas próximas para, cando chegaba a primavera, levar o gando e sementar os cereais, establecéndose en poboados temporais ata pouco antes da chegada das Neves. Pero o tránsito de persoas, animais e carruaxes non se detiña coa chegada do mal tempo por territorio tan agreste. Pola contra, a tradición oral fálanos de que esa meteoroloxía tan adversa nunca foi un impedimento para manter unha comunicación permanente entre ambos lados da serra, feito confirmado, tamén, pola documentación escrita.

No ano 2022, integrantes do Colectivo Patrimonio dos Ancares localizamos uns documentos custodiados no Arquivo Histórico Nacional, datados en xaneiro do ano 1799, en que dous homes, Juan Rodríguez, de Suárbol (O Bierzo), e Juan Álvarez de Murias, de Coruxedo (Navia de Suarna), solicitan a construción dunha casa mesón, con hospedaría, no Porto de Ancares. Os solicitantes outorgan un poder a tres procuradores para que iniciasen a petición ante os "Reales Consejos, Audiencias, Chancillerías y Tribunales", para que solicitasen a documentación necesaria para sacar adiante o proxecto. Para xustificar os beneficios da casa mesón, os peticionarios detallan que "por propio conocimiento, el Camino Real y carretero de Galicia que viene desde La Coruña a Castilla cruza y pasa por el Puerto titulado de Ancares", pero que polas penosas condicións do camiño e polos duros

e fríos invernos, "pues allí la nieve cuando no alcanza de un año a otro, por lo menos dura ocho meses a cada uno", din que non existe unha posta que axude a viaxeiros e animais a descansar. Aseguran que por culpa do mal tempo se tiñan producido moitas desgrazas "tanto de arrieros, carruajes, caminantes... con sus caballerías". Mesmo relatan a morte na zona, "habiendo llegado hasta el extremo de haberse helado y pericido pocos años ha los animales y cuatro personas que venían con ellos, produciéndose todos los años alguna desgracia...".

Os solicitantes explican que "la situación de dicho Puerto de Ancares, que se halla en desierto o despoblado", polo afastamento de lugares habitados, xustifican a necesaria parada e fonda no lugar, "con todas las posibles agradecidas comodidades...".

Noutro documento, datado en abril de 1799, un fiscal da Chancillería de Valladolid contéstalles que remitirá o informe a un intendente para que recolla todas as informacións necesarias para ditar se accede ou non á construción. Pero a partir deste momento xa non sabemos de máis documentos, e descoñecemos se ao final se construíu a pousada. Restos, que saibamos, non hai, e as persoas coas que falamos nunca tal escoitaran aos seus antepasados. O que está claro é que polo Porto pasaba un camiño principal, moi transitado.



Documento sobre a pousada · Xabier Moure